



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) vén de informar ao Consello da Xunta celebrado esta mañá sobre a resolución da convocatoria 2015 para a creación, posta en marcha e impulso de **UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN**. As unidades mixtas de investigación son estruturas mixtas, formadas por organismos públicos ou privados de investigación e empresas, creadas ad-hoc para a consolidación e apertura de liñas de I+D+i punteiras en Galicia. A través deste instrumento, perséguese un triple obxectivo: captar investimento privado para a I+D+i galega, a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial para aumentar a súa competitividade e reforzar a capacidade innovadora dos sectores estratéxicos para Galicia.

Nesta segunda edición da convocatoria, a Xunta de Galicia apoia a **creación de 11 novas unidades mixtas**, que veñen sumarse ás 8 xa activas, en sectores estratéxicos para Galicia como a automoción, o naval, a alimentación, TIC, medio ambiente e saúde. Grazas ao investimento público de 13 millóns de euros, que duplica a dotación da convocatoria anterior, activarase unha mobilización de **49 millóns de euros** e xeraranse **165 empregos de alta cualificación**

Así, no **sector da automoción** crearanse tres novas unidades, que veñen sumarse ás tres existentes, grazas á alianza do Centro Tecnolóxico da Automoción (CTAG) con PSA Citroën, para a posta en marcha dunha instalación piloto que aplique a robótica á automoción, e con Viza, que traballará na obtención dunha nova xeración de asientos de altas prestacións, e ao contrato Aimen-GKN Driveline Vigo, que persegue o desenvolvemento de novas tecnoloxías para a fabricación de alto rendemento de compoñentes de transmisión para vehículos.

No campo da **industria naval**, crearanse tamén tres unidades, unha entre Navantia e a Universidade da Coruña, para optimizar os procesos produtivos dos estaleiros galegos, outra entre Wartsila Ibérica e Aimen, para mellorar o deseño e fabricación de eixes de buques, e, por último, Vulcano e Aimen uniranse para desenvolver solucións tecnolóxicas de fabricación intelixentes, flexibles e de baixo custo.

Pola súa banda, o **sector alimentario** contará con dúas unidades de investigación: unha conformada por Calvo, Conservera de Esteiro e Anfaco, que busca desenvolver o modelo de fábrica do futuro no

sector conserveiro, e outra composta por Coren e o Centro Tecnolóxico da Carne, que xa están a desenvolver sete proxectos en áreas como a cría de polo e porco, a sanidade animal e os alimentos funcionais.

No **ámbito sanitario** crearase unha unidade mixta entre a Fundación Ramón Domínguez e a multinacional Roche Farma para desenvolver proxectos de investigación en medicina oncolóxica personalizada; no **sector TIC**, unha unidade promovida por TRC Informática e Gradient, co obxectivo de desenvolver tecnoloxías intensivas en coñecemento para a súa transferencia ao mercado global de solucións de seguridade e, no ámbito do **medio ambiente**, o Centro Tecnolóxico da Auga (CETAQUA) e a empresa Viaqua crearán sistemas compactos e avanzados para o tratamento de augas adecuados á dispersión poboacional en Galicia

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixas pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.